



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES.

***Artigo 1.-* Fundamento e réxime xurídico:**

Conforme ó autorizado polo artigo 20 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de facendas locais, que no artigo 20.4 v) establece as taxas por ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, régúlase pola presente ordenanza, redactada conforme co disposto no artigo 16 da citada Lei.

***Artigo 2.-* Feito impoñible:**

Constitúe o feito impoñible a prestación do servizo de ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello de Barbadás.

***Artigo 3.-* Suxeitos pasivos:**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que solicitan ou resultan beneficiados ou afectados polo servizo a que se refire o artigo 2 desta ordenanza.

***Artigo 4.-* Dereito a percibi-la taxa.**

O dereito a percibi-la taxa nacerá coa presentación da solicitude que inicie a actuación, que non se realizará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 5.- Contía:

ESCOLAS DEPORTIVAS

- **Escola fútbol : 80 euros/ano.**
- **Escola de Baloncesto : 80 euros/ano**
- **Escola de ximnasia : Ximnasia rítmica e artística : 50 euros /ano**
- **Escola de Atletismo : 50 euros/ano**
- **Escola de Xadrez : 50 euros/ano**
- **Escola de Kung-Fu: 50 euros/ano**



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- **Escola de Balonmano: 80 euros/ano**
- **Escola de Tenis : 90 euros /ano**

Os alumnos que non estean empadroados no Concello de Barbadás e desexen matricularse en calquera das escolas deportivas reguladas na presente ordenanza, aboarán os seguintes importes:

- **Escola fútbol : 125 euros/ano.**
- **Escola de Baloncesto : 125 euros/ano**
- **Escola de ximnasia : Ximnasia rítmica e artística : 100 euros /ano**
- **Escola de Atletismo : 100 euros/ano**
- **Escola de Xadrez : 100 euros/ano**
- **Escola de Kung-Fu: 100 euros/ano**
- **Escola de Balonmán: 125 euros/ano**
- **Escola de Tenis : 140 euros /ano**

-BOS DÍAS “COLE” : 10 euros/mes

- 0,50 € /quenda (poden ser de mañá e de tarde)
- 1 €/día

Este servizo poderá utilizarse un máximo de cinco días ó mes.

-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- **Informática: 5 euros/mes**
- **Polideporte : 5 euros/mes**
- **Manualidades: 5 euros/mes**
- **Baloncesto: 5 euros/mes**
- **Ximnasia Rítmica: 5 euros/mes**
- **Teatro: 5 euros/mes**
- **Hockey: 5 euros/mes**
- **Xadrez: 5 euros/mes**
- **Pintura: 5 euros/mes**
- **Patinaxe: 5 euros/mes**
- **Psicomotricidade: 5 euros/mes**



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- **Danza: 5 euros/mes**
- **Circo: 5 euros/mes**

Para que poidan impartirse cada unha das actividades será necesario reunir un grupo mínimo de 8 e máximo de 15 nenos. O custo das actividades é independente, de tal forma que o neno que se incorpore a unha nova actividade deberá aboar o custo íntegro da mesma, é dicir, 5 euros por cada actividade.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

- Escolas deportivas:
 - a) No suposto de familias nas que dous fillos menores de idade se matriculen na escola, o primeiro irmán aboará o total da taxa de matrícula e o segundo terá unha bonificación do 100% da taxa.
 - b) No suposto de familias nas que tres ou máis fillos se matriculen na escola, o primeiro irmán aboará o total da taxa, o segundo o 50% da mesma e o terceiro e seguintes terán unha bonificación do 100% da taxa.
 - Bos días cole
 - c) a) Aplicarase unha bonificación do 50% do custe da taxa ás familias monoparentais (*Art. 13 Lei 30/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia*).
 - d) Aplicarase unha bonificación do 50% do custe da taxa cando o/a neno/a teña unha situación económica familiar na que os ingresos sexan inferiores ao IPREM.
 - e) Por presentar o carné de familia numerosa (**Art. 2 Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas**) cando se formalice a inscrición no servizo “Bós Días Cole” aplicarase un desconto do 20% sobre o custo total do servizo.
- Actividades extraescolares:
 - a) Aplicarase unha bonificación do 100% do custe da taxa cando o/a neno/a conviva coa situación de que os dous proxenitores estean en situación de paro. Presentar cada 3 meses tarxeta do paro para beneficiarse da exención motivada por tal situación.
 - b) Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa ás familias monoparentais (*Art. 13 Lei 30/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

convivencia en Galicia).

- c) Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa cando o/a neno/a teña unha situación económica familiar na que os ingresos sexan inferiores ao IPREM.
- d) Por presentar o carné de familia numerosa (**Art. 2 Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas**) cando se formalice a inscrición en actividades extraescolares terase un desconto do 20% sobre o custe total do servizo.

Artigo 7.- Normas de xestión e forma de pagamento.

Para poder participar en tódalas actividades e servizos que propón o Concello de Barbadás será requisito indispensable estar ao corrente de pago do curso anterior.

ESCOLAS DEPORTIVAS

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse na primeira quincena de outubro.

No suposto de devolución dun recibo, 15 días naturais despois farase un segundo cargo en conta, os gastos de devolución de recibos será por conta do/a interesado/a.

BOS DÍAS “COLE

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 de cada mes.

No suposto de devolución dun recibo, 15 días naturais despois farase un segundo cargo en conta, os gastos de devolución de recibos será por conta do/a interesado/a.

No caso de que non se volvese satisfacer a taxa o/a neno/a causará baixa inmediata no servizo “Bos Días Cole”.

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cotas, levará á baixa automática do alumno mediante un comunicado escrito do Concello de Barbadás.

Se alguén se da de baixa antes da finalización do mes, non lle será devolvido o importe aboado, quedará dado de baixa para o mes seguinte.

No caso de ser usuario/a do servizo “Bos Días Cole” de maneira eventual farase o pago á persoa que recolla o/a neno/a no momento de cubrir a ficha. Se non se realiza o pago o/a neno/a non poderá facer uso do servizo.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 do primeiro mes de cada trimestre.

No suposto de devolución dun recibo, 15 días naturais despois, farase un segundo cargo en conta, os gastos de devolución de recibos serán por conta do/a interesado/a.

No caso de que non se volvease satisfacer a taxa, o/a neno/a causará baixa inmediata no servizo de Actividades Extraescolares.

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cotas, levará á baixa automática do alumno mediante un comunicado escrito do Concello de Barbadás.

Disposicións finais

Primeira. No non previsto especificamente nesta ordenanza ateranse ó disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei tributaria, nos Regulamentos de recadación e inspección e na demais normativa de aplicación.

Segunda. A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP e permanecendo en vigor ata a súa modificación expresa.

Barbadás, 7 de setembro de 2012.

O Alcalde

Don José Manuel Freire Couto